

LIBRO VII DO COMITÉ GALEGO ARBITRAL

TÍTULO I - FINS E CONSTITUCIÓN

Artigo 1. Comité Galego Arbitral.

1. O Comité Galego Arbitral, no sucesivo CGA, é un órgano técnico da FEGAN que atende directamente ao funcionamento do colectivo das persoas xuízas e árbitras e correspóndenlle, con subordinación ao presidente da FEGAN, o goberno, representación e administración das funcións atribuídas a aqueles, nas especialidades de natación, wáter-polo, natación artística e augas abertas, acolléndose para isto aos estatutos e regulamentos da FEGAN e organismos superiores.
2. O domicilio do CGA será o da FEGAN.

Artigo 2. Funcións do CGA.

1. Correspóndelle ao CGA:
 - a) Asignar ao persoal arbitral nas competicións oficiais da FEGAN.
 - b) Establecer os niveis de formación arbitral e coidar da súa formación técnica, capacitación e perfeccionamento e actualización permanente.
 - c) Organizar e promover a formación das persoas árbitras do CGA.
 - d) Asesorar ás Comisións Técnicas Deportivas en todos os asuntos da súa competencia.
 - e) Propoñer as candidaturas a árbitros/as de categoría nacional.
 - f) Aprobar as normas administrativas e técnicas regulando a arbitrase.
 - g) Adoptar todos os acordos precisos no ámbito da súa competencia para harmonizar os criterios de arbitrase.
 - h) Propoñer á Xunta Directiva da FEGAN as contías correspondentes aos gastos de desprazamento, estancia, axudas de custo e dereitos de arbitrase para cada tempada.
 - i) Propor a dotación das partidas orzamentarias necesarias para atender os gastos derivados da realización de reunións técnicas.
 - j) Elaborar o seu propio Regulamento de Réxime Interno.
 - k) Exercer a potestade disciplinaria de orde técnica sobre as persoas árbitras.
 - l) Instruír, no seu caso, os expedientes disciplinarios nos que sexa competente de acordo co presente Libro e normas internas do CGA e da FEGAN.
 - m) Calquera outra delegada polo presidente da FEGAN ou por calquera órgano federativo.

TÍTULO II – DAS PERSOAS ÁRBITRAS

CAPÍTULO I – XERAL

Artigo 3. Licenza arbitral.

1. Todas as persoas árbitras deberán subscribir ou renovar anualmente no CGA a súa licenza que lle permitirá participar nas competición en calidade de xurado arbitral.
2. A tramitación da licenza será conforme ao que establezan, nesa materia, os Regulamentos da FEGAN, e nos prazos e condicións específicas previstas para cada tempada por parte da Xunta Directiva do CGA ante a FEGAN.
3. A licenza arbitral será única indistintamente das especialidades, categorías e niveis nos que se arbitre por cada persoa que reúna os requisitos esixidos neste regulamento para cada unha delas.
4. O CGA formulará, unha vez cumprido o prazo establecido de solicitude de licenzas e demais requirimentos esixidos en cada tempada, a relación de persoas árbitras que poderán actuar nas competicións da tempada en curso, especificando a especialidade, categoría e nivel no que fiquen incluídos.

Artigo 4. Das compatibilidades das funcións arbitrais con outras licenzas federativas.

1. As licenza arbitral e a actuación como árbitro/a será compatible coas funcións e licenzas federativas do resto de estamentos no marco establecido nos apartados seguintes.
2. Na especialidade de **natación**:
 - a. **Técnicos/as**: Aquelas persoas que teñan licenza en vigor de técnico/a poderá unicamente realizar as funcións permitidas aos árbitros locais de nivel 1, sempre e cando non ostenten a dirección técnica dun club de natación.
 - b. **Deportistas**: aquelas persoas que teñan licenza en vigor de deportista ou máster só poderán desempeñar nas competicións da súa correspondente categoría as funcións permitidas aos árbitros locais de nivel 1.
En calquera caso, será incompatible formar parte de calquera posto do equipo arbitral nunha xornada na que se participa como deportista.
3. Na especialidade de **natación artística**: aquelas persoas que teñan licenza en vigor de técnico/a e/ou deportistas só poderán unicamente realizar as funcións permitidas ás persoas árbitras territoriais de nivel 1 e 2.

4. Na especialidade de **wáter-polo**:

- a. **Técnicos/as**: aquelas persoas que teñan licenza en vigor de técnico/a poderá unicamente realizar as funcións permitidas aos árbitros locais, sempre e cando non ostenten a dirección técnica dun club de wáter-polo.
- b. **Deportistas**: aquelas persoas que teñan licenza en vigor de deportista poderán realizar as funcións permitidas tanto aos árbitros locais como territoriais sempre que no caso que caso da súa propia categoría participen unicamente persoas do outro sexo, e teñan unha competición e clasificación diferenciada.

5. Na especialidade de **augas abertas**:

- a. **Técnicos/as**: aquelas persoas que teñan licenza en vigor de técnico/a poderá
- b. **Deportistas**: aquelas persoas que teñan licenza en vigor de deportista poderán realizar as funcións permitidas

6. A licenza de directivo/a tramitada e en vigor en cada especialidade é incompatible con todas as funcións e postos arbitrais nesa mesma especialidade deportiva.

Artigo 5. Requisitos de acceso ao Comité Galego Arbitral.

Os requisitos para acceder e formar parte en calidade de árbitro/a do Comité Galego Arbitral da FEGAN son:

- a. Solicitude por escrito da persoa interesada a través do formulario habilitado ao efecto.
- b. No momento da solicitude ter cumpridos os 14 anos e non ter máis de 70 anos.
- c. Non ter ningunha inhabilitación nin estar cumprindo sanción imposta por órgano competente do CGA ou da FEGAN.
- d. Superar as probas de ingreso en cada unha das categorías, niveis e especialidades de acordo co disposto no presente regulamento e na propia convocatoria aprobada pola Xunta Directiva do CGA.
- e. Non ter licenza tramitada e en vigor no estamento de directivo dentro da mesma especialidade.

Artigo 6. Baixa no Comité Galego Arbitral.

Será motivo de baixa no CGA:

- a. **Voluntaria**: cando se solicite expresamente pola persoa árbitra de maneira fidedigna e a través do formulario establecido ao efecto.
- b. **Disciplinaria**: aquela persoa que fose decretada a súa expulsión do Comité

Galego Arbitral en virtude da resolución dun expediente sancionador.

- c. **Forzosa:** aquelas persoas que non cumpran os requisitos para atoparse en ningunha das situacións contempladas no artigo 5 do presente libro.

Artigo 7. Situacións das persoas árbitras no CGA.

As persoas árbitras atoparanse nalgunha das seguintes situacións:

1. EN ACTIVO:

- a. Aqueles que obtendo o ingreso no CGA cumpran os requisitos establecidos no artigo 3 do presente regulamento, renoven a súa licenza arbitral e realicen cada tempada un mínimo de actuacións proporcional á actividade das que compoñan o calendario oficial da FEGAN.
- b. A situación de árbitro activo límitase pola idade aos 70 anos, finalizando esta o 31 de decembro do ano no que se cumpran. Excepcionalmente poderá solicitarse expresamente pola persoa interesada unha prórroga á Xunta Directiva do CGA que poderá autorizada por un período máximo de cinco anos máis, sempre que existan motivos de interese xeral que a xustifiquen.

2. EN EXCEDENCIA: distínguense as seguintes excedencias:

- a. **Voluntarios:** aquelas persoas que así o soliciten formalmente por escrito e sexan aceptados expresamente pola Xunta Directiva do CGA.
- b. **Forzosos:**
 - aqueles que non renoven a licenza nos prazos regulamentarios e, en todo caso,
 - os que deixen de facelo no curso dunha tempada e
 - **Non pagamento:** aquelas persoas que non abonen ao inicio de cada tempada o importe aprobado pola FEGAN relativo á licenza federativa ou calquera outro importe establecido normativamente cursarán baixa automática no CGA.
- c. Todas as excedencias terán unha duración máxima de tres anos, sen afectar aos que estean nesta situación polo exercicio preferente doutra especialidade arbitral.
- d. Unha vez transcorrido o tempo máximo da excedencia sen que se teña solicitado expresamente pola persoa interesada o cambio á situación en activo causarase baixa forzosa no CGA.
- e. En ningún caso poderá solicitarse nin concederse ningún tipo de excedencia cando se estea sometido a expediente disciplinario de calquera órgano federativo.

- f. Para pasar da situación de excedente a árbitro en activo será necesario solicitalo formalmente por escrito a través do correspondente formulario habilitado ao afecto ao comezar a tempada e superar as probas vixentes de actualización de coñecementos.

- 3. EN SUSPENSIÓN:** aquelas persoas que, previa resolución do órgano disciplinario ou federativo competente, estean cumprindo unha sanción disciplinaria de calquera índole.
- 4. HONORÍFICOS/AS:** aquelas persoas que, a xuízo da Xunta Directiva do CGA co visto e prace da FEGAN, sexan nomeadas como tales. Esta situación é unha distinción de honra a aquelas persoas árbitras que pola súa experiencia, traxectoria e traballo para o Comité Galego Arbitral sexan merecedores dun recoñecemento especial por este órgano.

Artigo 8. Persoas árbitras por especialidades.

1. As persoas capacitadas para actuar indistintamente en cada un dos postos dun xurado dunha competición de cada especialidade serán aquelas que cumpran os requisitos contemplados no presente regulamento e teñan superada a formación mínima esixida na categoría e nivel correspondente en cada unha das especialidades.
2. As persoas árbitras poderán ocupar os seguintes postos dos diferentes xurados arbitrais segundo cada unha das especialidades:

a. Augas abertas:

- i. Árbitro/a xefe
- ii. Xuíz/a de saídas
- iii. Secretario/a de carreiras
- iv. Árbitro/a
- v. Oficiais: aqueles que actúen como xuíces de chegadas e viraxes ou outros análogos establecidos polo CGA
- vi. Persoas cronometradoras

b. Natación:

- i. Xuíz/a árbitro/a
- ii. Xuíz/a de saídas
- iii. Secretaría de mesa
- iv. Oficiais: aqueles que actúen como xuíces de chegadas, estilos, viraxes ou outros análogos establecidos polo CGA

- v. Persoas cronometradoras
- vi. Xefe das persoas cronometradoras
- vii. Crono volante
- viii. Axudante do xuíz de saídas
- ix. Locutor/a, sempre que sexa designado polo CGA

c. Natación artística:

- i. Xuíz/a árbitro/a
- ii. Auxiliar do xuíz/a árbitro/a
- iii. Puntuador/a
- iv. Axudante do xuíz/a árbitro/a
- v. Persoa cronometradora
- vi. Controlador/a da cámara
- vii. Anotador/a

d. Wáter-polo:

- i. Xuíz/a árbitro/a
- ii. Secretaría de mesa
- iii. Persoa cronometradora
- iv. Persoa cronómetro de posesión

3. Excepcionalmente e atendendo a causas debidamente xustificadas de interese xeral, a Xunta Directiva do CGA poderá autorizar a conformación de xurados con persoas árbitras que non posúan a categoría ou nivel requirido no momento da convocatoria.

Artigo 9. Das convocatorias dos cursos de acceso ás diferentes categorías.

A Xunta Directiva do CGA convocará anualmente os cursos de acceso ás diferentes categorías e niveis arbitrais por especialidades de acordo cos criterios mínimos que será detallados no Regulamento de Réxime Interno do CGA.

CAPÍTULO II – DAS PERSOAS ÁRBITRAS LOCAIS

Artigo 10. Das persoas árbitras locais de natación.

1. Establécense dentro da categoría de árbitros/as locais de natación dous niveis atendendo aos postos que se poden desempeñar en función de cada un deles.
2. Poderán adquirir a condición de persoas árbitras de carácter local todas as persoas que cumpran os requisitos recollidos no artigo 3 do presente Libro que teñan superado o curso de árbitro/a local convocado pola Xunta Directiva do CGA e que:

- a. Para o acceso ao **nivel 1**: teñan cumpridos os 14 anos.
 - b. Para o acceso ao **nivel 2**: teñan cumpridos os 16 anos.
3. As persoas árbitras que teñan a categoría de locais poderán desempeñar os seguintes postos nas competicións de ámbito local ou de zona atendendo ao nivel no que se encadren:
- a. **Nivel 1:**
 - i. Persoas cronometradoras
 - ii. Xefe das persoas cronometradoras.
 - iii. Crono volante
 - iv. Axudante do xuíz/a de saídas
 - v. Locutor/a, sempre que sexa designado polo CGA.
 - b. **Nivel 2:** a maiores dos postos establecidos no nivel 1 tamén poderán desempeñar os seguintes:
 - i. Xuíz/a árbitro/a
 - ii. Xuíz/a de saídas
 - iii. Secretaría de mesa
 - iv. Oficiais: aqueles que actúen como xuíces de chegadas, estilos, viraxes ou outros establecidos polo CGA
4. Nas competicións de ámbito autonómico, todas as persoas árbitras locais de natación poderán desempeñar os postos establecidos para o nivel 1.

Artigo 11. Das persoas árbitras locais de wáter-polo.

1. Poderán adquirir a condición de persoas árbitras de carácter local na especialidade de wáter-polo todas as persoas que cumpran os requisitos recollidos no artigo 3 do presente Libro e que superen o curso convocados pola Xunta Directiva do CGA.
2. Os postos do xurado arbitral que poderán ocupar as persoas árbitras locais de wáter-polo serán os seguintes:
 - i. Secretaría de mesa
 - ii. Persoa cronometradora
 - iii. Persoa cronómetro de posesión

CAPÍTULO III – DAS PERSOAS ÁRBITRAS TERRITORIAIS

Artigo 12. Das persoas árbitras territoriais.

1. Terán a consideración de árbitros territoriais, todas aquelas persoas que superasen as

probas de acceso a esta categoría e se atopen en situación de activo para as competición de ámbito autonómico.

2. Segundo o calendario oficial de cada tempada, o CGA procederá a designación dos árbitros territoriais que deberán actuar en cada competición de ámbito rexional, atendendo entre outros, aos seguintes criterios:
 - a. Número de actuacións no Comité Galego Arbitral.
 - b. Mellor preparación técnica.
 - c. Categoría da competición.

Artigo 13. Das persoas árbitras territoriais na especialidade de natación.

1. Os requisitos para acceder á categoría territorial nas especialidades de natación serán os seguintes:
 - a. Ter cumpridos os 18 anos no momento da celebración do curso de acceso a esta categoría.
 - b. Ser árbitro/a local en activo da especialidade correspondente durante, ao menos, dúas tempadas.
 - c. Cumprir os requisitos esixidos na convocatoria aprobada pola Xunta Directiva do CGA.
 - d. Ter efectuadas as reciclaxes e/ou xornadas, de carácter obrigatorio, organizadas polo CGA durante a última tempada.
 - e. Ter superado o curso de acceso á categoría territorial que se convoque formalmente polo CGA.
2. As persoas árbitras da especialidade de natación de carácter territorial poderán realizar todos os postos contemplados no artigo 6.2.b nas competicións de ámbito galego.
3. As persoas árbitras que accedan á categoría de territorial na especialidade de natación manifestarán a súa preferencia respecto ao posto que lles gustaría desempeñar nas competicións autonómicas a través do correspondente formulario habilitado ao efecto.

Artigo 14. Das persoas árbitras territoriais na especialidade de wáter-polo.

1. Os requisitos para acceder á categoría territorial nas especialidades de natación e wáter-polo serán os seguintes:
 - a. Ter cumpridos os 18 anos no momento da celebración do curso de acceso a esta categoría.
 - b. Ser árbitro/a local en activo da especialidade de wáter-polo durante, ao menos, dúas tempadas.

- c. Cumprir os requisitos esixidos na convocatoria aprobada pola Xunta Directiva do CGA.
 - d. Ter efectuadas as reciclaxes e/ou xornadas, de carácter obrigado, organizadas polo CGA durante a última tempada.
 - e. Ter superado o curso de acceso á categoría territorial que se convoque formalmente polo CGA.
2. A maiores dos postos establecidos para as persoas árbitras de carácter local poderán desempeñar as funcións de xuíz/a árbitro/a.

Artigo 15. Das persoas árbitras territoriais na especialidade de natación artística.

1. Establécense dentro da categoría de árbitros/as territoriais de natación artística tres niveis atendendo aos postos que se poden desempeñar en función de cada un deles.
2. Poderán adquirir a condición de persoas árbitras de carácter territorial nesta especialidades todas as persoas que cumpran os requisitos recollidos no artigo 3 do presente Libro e que:
 - a. Para o acceso ao **nivel 1**: teñan cumpridos os 14 anos e teñan superado o curso de nivel 1 convocado pola Xunta Directiva do CGA.
 - b. Para o acceso ao **nivel 2**: teñan cumpridos os 16 anos, un ano de experiencia no nivel 1 e teñan superado o curso de acceso a este nivel convocado pola Xunta Directiva do CGA.
 - c. Para o acceso ao **nivel 3**: teñan cumpridos os 18 anos, dous anos de experiencia no nivel 2 e teñan superado o curso de acceso a este nivel convocado pola Xunta Directiva do CGA.
3. As persoas árbitras da especialidade de natación artística poderán desempeñar os seguintes postos nas diferentes competicións que se organicen pola FEGAN atendendo ao nivel no que se encadren:
 - a. **Nivel 1:**
 - i. Persoa cronometradora
 - ii. Controlador/a da cámara
 - iii. Anotador/a
 - b. **Nivel 2:** a maiores dos postos establecidos no nivel 1 tamén poderán desempeñar os seguintes:
 - i. Puntuador/a
 - ii. Axudante do xuíz/a árbitro/a na categoría de nivel

- c. **Nivel 3:** a maiores dos postos establecidos nos niveis 1 e 2 tamén poderán desempeñar os seguintes:
- i. Xuíz árbitro/a
 - ii. Auxiliar do xuíz/a árbitro/a
 - iii. Axudante do xuíz/a árbitro/a en todas as categorías.

Artigo 16. Das persoas árbitras territoriais na especialidade de augas abertas.

1. Establécense dentro da categoría de árbitros/as territoriais de augas abertas dous niveis atendendo aos postos que se poden desempeñar en función de cada un deles.
2. Poderán adquirir a condición de persoas árbitras de carácter territorial nesta especialidades todas as persoas que cumpran os requisitos recollidos no artigo 3 do presente Libro e que:
 - a. Para o acceso ao **nivel 1:** teñan superado o curso de acceso a este nivel convocado pola Xunta Directiva do CGA.
 - b. Para o acceso ao **nivel 2:** teñan cumpridos os 18 anos e teñan dous anos de experiencia no nivel 1.
3. As persoas árbitras da especialidade de augas abertas poderán desempeñar os seguintes postos nas diferentes competicións que se organicen pola FEGAN atendendo ao nivel no que se encadren:
 - a. **Nivel 1:**
 - i. Oficiais: aqueles que actúen como xuíces de chegadas e viraxes ou outros análogos establecidos polo CGA
 - ii. Persoas cronometradoras
 - b. **Nivel 2:** a maiores dos postos establecidos no nivel 1 tamén poderán desempeñar os seguintes:
 - i. Árbitro/a xefe
 - ii. Xuíz/a de saídas
 - iii. Secretario/a de carreiras
 - iv. Árbitro/a

TÍTULO III – DOS DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS ÁRBITRAS

Artigo 17. Dos dereitos das persoas árbitras.

Son dereitos das persoas árbitras en activo:

- a. Recibir a información técnica necesaria para manterse constantemente actualizado,

así como as puntuacións e resultados dos test realizados.

- b. Recibir información periódica dos acordos adoptados polos diferentes órganos do CGA.
- c. Percibir os importes estipulados pola FEGAN para as viaxes ou estancias que precisen para as actuacións oficiais ás que sexa asignado, así como os dereitos de arbitraje.
- d. Solicitar información e dirixir peticións, suxestións e propostas ao CGA sobre aqueles asuntos que afecten ao interese xeral ou ao seu particular.
- e. Recibir o uniforme, distintivos e acreditacións establecidos polo CGA.
- f. Con carácter xeral, e referido á primeira convocatoria, recibir por escrito as convocatorias dos partidos ou competicións, cun mínimo de cinco días de antelación.
- g. Coñecer das reestruturacións que se realicen na Xunta Directiva do CGA, así como nas delegacións territoriais.
- h. Asistir, sen necesidade de satisfacer dereitos de entrada, ás probas e campionatos organizados polos Clubs e Entidades afiliadas á FEGAN.

Artigo 18. Dos deberes das persoas árbitras.

Son deberes das persoas árbitras en activo:

- a. Estar en posesión da correspondente licenza federativa.
- b. Manter os seus datos actualizados e comunicar todos os cambios que se produzan nestes a través do formulario habilitado ao efecto.
- c. Prestar a máxima colaboración ao CGA.
- d. Exercer a súa función independentemente a calquera outro cargo que ostente.
- e. Actuar naquelas probas para as que fose convocado, tendo que presentarse coa antelación determinada na normativa específica do CGA.
- f. Deberá utilizar o uniforme e os emblemas do CGA. Os árbitros están suxeitos ás disposicións que dite a FEGAN e o CGA sobre uniformidade, posible publicidade nas súas prendas deportivas e comportamento xeral con ocasión ou como consecuencia do desempeño das súas funcións.
- g. Deberán acatar as decisións da Xunta Directiva del CGA.

Artigo 19. Das convocatorias arbitrais.

- 1. O Xuíz Árbitro dunha competición ou o Árbitro de wáter-polo, están facultados para cubrir calquera posible baixa no Xurado nomeado polo CGA recorrendo a árbitros que se atopasen de espectadores, os cales se verán obrigados a prestar a súa colaboración, agás causas de forza maior.

2. En todas as competicións, o Xuíz Árbitro (en natación, saltos, natación artística e augas abertas) ou o Árbitro (en wáter-polo), levantará unha acta no modelo oficial da FEGAN, que se lle remitirá a esta última, co seu informe ou anexos se fose preciso. Especialmente, coidarán do cumprimento deste requisito, con todas as formalidades requiridas, cando nunha proba se estableza calquera clase de récord ou mellor marca.

TÍTULO IV – ESTRUCTURA DO CGA

Artigo 20. Órganos do CGA.

O Comité Galego Arbitral estará composto polos seguintes órganos:

- a) Presidencia.
- b) Xunta Directiva.
- c) Delegacións territoriais.

CAPÍTULO I – PRESIDENCIA DO CGA

Artigo 21. Presidencia do CGA.

1. A Presidencia do CGA será nomeada pola Presidencia da FEGAN,
2. Para o seu nomeamento a Presidencia da FEGAN poderá convocar unhas eleccións entre todas as persoas árbitras que cumpra os requisitos esixidos na normativa electoral a través do proceso de eleccións que se regula no presente capítulo.
3. A Presidencia do CGA formará parte da Xunta Directiva da FEGAN.
4. Requisitos para ostentar a Presidencia do CGA:
 - a. Ter 18 anos cumpridos.
 - b. Deberá ser árbitro/a de categoría territorial ou superior en activo.
 - c. Non incorrer en causas de inelixibilidade.
 - d. Non ter imposta sanción deportiva firme que inhabilite para o desempeño de cargo federativo algún.

Artigo 22. Candidaturas á Presidencia do CGA.

1. A maiores dos requisitos para ostentar a Presidencia do CGA recollidos no artigo

precedentes para poder presentar a candidatura ás Elección á Presidencia do CGA a persoa interesada deberá constar inscrita no censo electoral convocado.

2. As candidaturas á Presidencia do CGA deberán formalizarse polas persoas interesadas mediante escrito de presentación, en modelo oficial que será pendurado na páxina web da FEGAN, por correo electrónico a correo electrónico que figure na convocatoria, incluíndo o correo electrónico e fotocopia do DNI con firma autógrafa á marxe ou sinatura dixital.

Artigo 23. Do censo electoral.

1. O censo electoral será o censo definitivo do estamento de árbitros/os das Elección ordinarias da FEGAN.
2. Para ficar incluído no censo electoral hai que cumprir os requisitos esixidos no Regulamento Electoral da FEGAN.

Artigo 24. Da mesa electoral.

1. Formarase unha mesa electoral que estará composta pola persoa electora de maior idade que exercerá as funcións de Presidencia de Mesa e o de menor idade que actuará de secretario/a de mesa. Non poderán formar parte da Mesa as persoas candidatas.
2. Designaranse como suplentes as persoas electoras de maior e menor idade que sigan ás persoas titulares.
3. A Mesa Electoral constituirase no domicilio social da FEGAN.

Artigo 25. Funcións da Mesa electoral.

Son funcións da mesa electoral:

- a. Comprobar a identidade das persoas votantes.
- b. Recoller as papeletas e introducilas na urna.
- c. Efectuar o escrutinio e redactar a acta, na que se consignará o número de persoas electoras, os votos válidos e nulos, o resultado dos comicios e as incidencias e reclamacións que eventualmente se produzan, así como as manifestacións que, no seu caso, formulen as persoas interventoras, de todo o cal dará coñecemento inmediato e puntual á FEGAN. O orixinal do acta permanecerá nas oficinas da Federación para o seu arquivo.

Artigo 26. Da votación.

1. O voto efectuarase nas papeletas oficiais elaboradas pola FEGAN, non admitíndose

outras. O sistema de votación desenvolverase da seguinte forma:

- a. A Secretaría da Mesa comprobará a identidade das persoas votantes e a Presidencia da Mesa introducirá a papeleta na urna prevista para o caso.
 - b. Rematada a votación persoal, incluídas as persoas que forman parte da Mesa que o farán en último lugar, a persoa encargada da Secretaría abrirá os sobres recibidos por correo, procedendo a Presidencia a introducir na urna o sobre pechado que contén a papeleta do voto.
2. Considerarase nula calquera papeleta que inclúa máis nomes que persoas a designar, así como a que conteña nomes de persoas que non teñan candidaturas válidas.
 3. En caso de haber unha única candidatura, non se procederá á votación, e esta persoa será a proclamada para exercer a Presidencia do CGA.

Artigo 27. Da voto por correo.

1. Admitirase o voto por correo para quen o solicite (por correo postal ou correo electrónico) en modelo oficial, dirixido ao domicilio social da FEGAN ou ao correo electrónico que se estableza na convocatoria e para ser válido precisará o requisito de terse remitido a través dos servizos postais, de transporte, mensaxería ou calquera outro medio, en sobre pechado.
2. Para garantir o secreto do voto, utilizarase o sistema de dobre sobre, habilitándose para iso uns sobres especiais que cada persoa electora recibirá no seu domicilio, ou poderá retirar na sede da FEGAN.
3. O procedemento para exercer o voto será o seguinte:
 - a. Haberá un sobre de menor tamaño no que a persoa electora introducirá a papeleta de voto.
 - b. Unha vez pechado este primeiro sobre, introducirase no segundo sobre xunto coa fotocopia do DNI con firma autógrafa á marxe.
 - c. Este segundo sobre, onde constará o nome da persoa electora, remitirase á sede da FEGAN.
 - d. A Mesa Electoral só aceptará os votos por correo que lle foron entregados antes do inicio do recuento.
 - e. O voto en cuestión deberá obrar na sede da FEGAN o día da elección que será o 13 de agosto de 2022.
 - f. Se unha mesma persoa subscribise dous ou máis votos por correo consideraranse nulos.
 - g. Se unha persoa electora acudise á mesa electoral para emitir o seu voto téndoo efectuado xa por correo, este terase por non recibido.

- h. As persoas candidatas poderán designar unha persoa interventora, calidade que deberá de acreditarse ante a Presidencia da Mesa e a súa función limitarase a presenciar o acto de votación e do escrutinio, con dereito a que se recollan na acta correspondente as manifestacións que desexe formular sobre o desenvolvemento do acto electoral.
- i. A designación da persoa interventora formalizarase por escrito, obrigándose a acreditar a súa calidade cando se lle requira.

Artigo 28. Da escrutinio.

- 1. Concluída a votación, a Mesa Electoral procederá ao correspondente escrutinio, levantará a acta, especificándose os votos emitidos (válidos, nulos e en branco) que asinarán todas as persoas membros desta, así como as persoas interventoras designadas polas persoas candidatas, se as houberse, e remitirá copia dela á FEGAN, así como o nome da persoa que resultou elixida como presidenta/e e esta procederá á súa proclamación provisional.
- 2. Exporanse tanto no domicilio social e na páxina Web da FEGAN o resultado das eleccións.
- 3. Os resultados da elección poderán ser impugnados mediante escrito dirixido á FEGAN.
- 4. Transcorrido o prazo establecido para estes recursos no calendario electoral procederase á proclamación da persoa que exercerá a Presidencia do Comité Galego de Árbitros.

CAPÍTULO II – XUNTA DIRECTIVA DO CGA

Artigo 29. Da Xunta Directiva do CGA.

- 1. A Xunta Directiva do CGA estará composta ademais da Presidencia que polos seguintes membros:
 - a. Secretaría.
 - b. Vogalías responsables das especialidades deportivas correspondentes en función da actividade da FEGAN.
 - c. Vogalía de formación arbitral por cada unha das especialidades deportivas.
- 2. As persoas integrantes da Xunta Directiva será nomeadas e separadas directamente pola Presidencia do CGA.
- 3. Poderán concorrer nunha mesma persoa o desempeño de varios cargos dentro da

Xunta Directiva e nomearse outros vogais para a realización de tarefas específicas.

4. As delegacións territoriais de todas as especialidades serán membros natos da Xunta Directiva con voz e voto.

Artigo 30. Da Secretaría do CGA.

1. Terá ao seu cargo a preparación e despacho material dos asuntos, e en xeral, de todas as tarefas de índole administrativa do Comité.
2. Poderá adscribirse á Secretaría o persoal necesario para cumprir os seus fins.
3. A Secretaría levará un rexistro das actuacións de todos os membros do CGA, así como os relativos ao seu control.

Artigo 31. Das vogalías das especialidades deportivas.

Aos vogais responsables das especialidades deportivas compétenlle as seguintes tarefas:

- a. Coidar do bo funcionamento das súas vogalías en todas as súas atribucións.
- b. Propoñer á Presidencia do CGA as persoas membros colaboradoras da Vogalía.
- c. Dirixir a Vogalía no aspecto técnico.
- d. Propoñer ao CGA, para que este eleve á Xunta Directiva da FEGAN, a concesión de honras e recompensas aos árbitros territoriais da súa modalidade, segundo as normas que, para os efectos, se establezan.
- e. Propoñer as persoas árbitras que deben actuar en cada partido ou competición de ámbito autonómico.
- f. A proposta de convocatoria á Xunta Directiva e desenvolvemento dos cursos de ingreso, formación, actuación e perfeccionamento das persoas árbitras, en colaboración co vogal de formación arbitral, en colaboración co vogal de formación arbitral da súa respectiva especialidade.
- g. A interpretación, orientación e unificación de criterios respecto ao contido do regulamento vixente, en colaboración co vogal de formación arbitral da súa respectiva especialidade.
- h. O estudo, interpretación e desenvolvemento da arbitrase no ámbito autonómico, para poñer os medios precisos co obxectivo de obter a adecuada dirección e preparación das persoas árbitras, segundo as directivas da CGA, en colaboración co vogal de formación arbitral da súa respectiva especialidade.
- i. Elevar á Xunta Directiva do CGA propostas económicas para o seu traslado á FEGAN.

Artigo 32. Vogalías de formación.

1. A vogalía de formación de cada especialidade ocuparase da formación, capacitación, actualización e perfeccionamento dos árbitros nos diferentes niveis e categorías.
2. O CGA convocará, unhas reunións técnicas para cada especialidade, co propósito de actualizar e perfeccionar os coñecementos técnicos das persoas árbitras. Ditas reunións serán convocadas anualmente se fora posible e como mínimo naqueles anos en que houbera cambios nos correspondentes regulamentos. Devanditas reunións serán de asistencia obrigatoria, agás causas de forza maior debidamente xustificadas.

CAPÍTULO III – DELEGACIÓNS TERRITORIAIS

Artigo 33. Delegacións territoriais.

1. A Presidencia do CGA nomeará todas as e os delegados/as territoriais que fosen necesarios.
2. Poderán solicitar o cese da persoa que ostente a delegación territorial, debendo propoñer unha persoa alternativa, ao menos o 51% das persoas integrantes dunha delegación territorial. A decisión de cese ou substitución definitiva deberá ser adoptada pola Xunta Directiva do CGA.
3. As funcións das delegacións territoriais serán:
 - a. Nomear os xurados das competicións de ámbito local que se desenvolvan no seu ámbito territorial ou aquelas que directamente lle sexan encomendadas polo vogal correspondente do CGA.
 - b. Propoñer ás probas de árbitro territorial aquelas persoas que cumpran as condicións esixidas para os efectos neste regulamento, así como na correspondente convocatoria, previa solicitude do propia persoa interesada.
 - c. Colaborar coas labores de incorporación, formación e reciclaxe das persoas árbitras, cos vocais correspondentes.
 - d. Facer chegar no seu caso os pagamentos por dereitos de arbitraje das competicións ás persoas interesadas e remitir ao CGA o correspondente recibo por estes.

Artigo 34. Regulamento de Réxime Interno.

Para o seu funcionamento interno o CGA aprobará un Réxime Interno que deberá ser aprobado por maioría absoluta da Xunta Directiva no prazo de tres meses dende a elección ordinaria de cada Presidencia.

TÍTULO VI – DO RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 35. Do Regulamento de Réxime Interno.

1. As persoas árbitras cando actúan en competicións oficiais estarán sometidos ao Libro Disciplinario da FEGAN.
2. O CGA porá en coñecemento do Comité Galego de Competición, motivadamente, calquera feito que poida supoñer infracción das normas que regulan a disciplina deportiva.
3. Cando a actuación técnica dun árbitro/a fose notoriamente deficiente, o CGA, poderá adoptar, previo expediente, os seguintes acordos:
 - a. Apercibimento.
 - b. Amoestación.
 - c. Suspensión temporal de convocatoria, de até doce meses.
4. Os acordos referidos no punto anterior serán adoptados pola Xunta Directiva do CGA cando se trate de suspensión, ou polo vogal responsable da modalidade que lle corresponda nos demais casos.
5. O procedemento para sancionar as faltas de orde técnica, anteriormente relacionadas, axustarase ás normas xerais do Réxime Disciplinario Deportivo da FEGAN.
6. Contra os acordos adoptados polo CGA, polas faltas cometidas polos árbitros no aspecto técnico, cabe recurso ante a Xunta Directiva no prazo de 10 días hábiles, a partir do día seguinte a aquel no que reciba a notificación do acordo.